

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA 2 DE FEBREIRO DE 2005**

CONCORRENTES

Presidente:

Don Juan Antonio Maceiras Barros (CIM)

Concelleiros

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Don José Manuel Rodríguez Vidal (CIM)

Dona Eva María Vilariño González (CIM)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Antonio Medín Pena (PP)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Luis Purriños Pena (CIM)

Don José María Laya Carril (CIM)

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

Interventora municipal

Dona Marta Roca Naveira

Secretario:

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horase cinco minutos do día dous de febreiro de dous mil cinco, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública extraordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten os concelleiros seguintes: don Jesús Veiga Sabín; dona Eva María Vilariño González; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; dona María Rosario Manso López; don Juan José Herva Mallo; don José Paz Tenreiro; don Antonio Medín Pena; don José María Laya Carril; don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Non asiste á sesión o concelleiro don Manuel José Pérez Martínez.

Está presente a interventora municipal dona Marta Roca Naveira.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior, correspondente ao día 24 de xaneiro de 2005, queda aprobada por unanimidade.

2.- REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.- De conformidade coa proposta da Comisión Informativa de Asuntos Xerais e unha vez examinado o regulamento de réxime interno do Servizo de axuda no fogar; o Pleno do Concello, coa abstención do concelleiro do BNG Sr. Abreira Sobrado e o voto favorable dos restantes once membros da Corporación asistentes á sesión, acorda a súa aprobación e que se expoña ao público polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, e se non se presentasen, de acordo co que dispón o art. 49 da Lei 7/85, entenderase definitivamente aprobado.

3.- INTERPRETACIÓN REGULAMENTO INTERNO DA ESCOLA INFANTIL.- A Comisión Informativa de Asuntos Xerais presenta a seguinte proposta: " O art. 11 do regulamento interno da escola infantil de Miño, establece que o horario do centro será ininterrompido de 8,00 horas e a xornada escolar será e 10,00 da mañá a 18,00 horas, e as demais horas deben entenderse como extraordinarias.

O Pleno do Concello, en uso das prerrogativas que concede a lexislación ás administracións para interpretar os contratos e regulamentos, acorda por unanimidade interpretar que horas extraordinarias a efectos do cálculo da tarifa a repercutir sobre o usuario, se considerarán soamente as horas fóra do horario habitual solicitado pola familia.

4.- PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES.-

Elaborado polos Servizos sociais deste municipio, o I PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES 2004-2008, no que se recollen sete áreas de actuación:

- 1º.- conciliación vida persoal, familiar e laboral.
- 2º.-Igualdade de oportunidades na educación, cultura e deporte.
- 3º.- Asociacionismo e participación social.
- 4º.- Medio ambiente, urbanismo e obras públicas.
- 5º.- Benestar social e saúde para o desenvolvemento integral.
- 6º.- Administración e organización local.
- 7º.- Accións positivas específicas para a muller do medio rural.

Este plan recolle un sistema de avaliación baseado en informes que recollan tanto cualitativos como cuantitativos as accións que se desenvolverán dentro do plan desde o ano 2004 ata o ano 2008.

Pide a palabra o concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado, sinalando que quere deixar constancia que o procedemento seguido para aprobar este plan non foi o axeitado, elaborouse de costas aos grupos políticos e non se lles deu participación ás asociacións, polo que ao seu xuízo carece do rigor que debería pedirse nestes casos e asuntos; continúa que non votará en contra, pero quere deixar constancia destas circunstancias.

O concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas Rodríguez dá lectura ao seguinte: "Sr. Presidente, como portavoz do Grupo Municipal Socialista, quero manifestar que o primeiro plan de igualdade que nos presenta é un primeiro paso importante para contribuír á convivencia entre os cidadáns deste concello e nos congratulamos da súa implantación, aínda que nos parece que este non é incompatible coa proposta presentada hai non moito tempo polo Partido Socialista, en relación ó apoio á **Lei Integral da Violencia de Xénero**, e que foi rexeitada polo Partido Popular que vostede representa, e que agora está recollido na páxina número 17, apartado B deste plan, dicindo entre outros:

- *Institucionalizar a celebración pública do día da non violencia contra as mulleres (25 de novembro) do Concello de Miño.*

Cando vostede ó igual que tódolos membros da Corporación estiveron invitados ó devandito acto celebrado polo Partido Socialista de Miño, o pasado día 25 de novembro do ano 2004, e non se presentou ningún representante das formacións políticas, que conforman esta Corporación.

Recoñecemos o positivo deste plan, aínda que de mínimos, se ben por algo hai que empezar, e xa ía sendo hora que Miño se sumase a planes como este.

Polo tanto Sr. Presidente quero comunicarlle que neste punto vai contar co voto favorable do Partido Socialista."

O voceiro do PP. Sr. Veiga Sabín contesta que cre que o Sr. Abraira está nun erro; na elaboración deste plan participaron todas as asociacións que o desexaron; replica o concelleiro do BNG Sr. Abraira indicando que non falte á verdade, ata que se nos entregou o documento como un folleto xa impreso, non tiveron coñecemento ningún deste e o mesmo pode dicir o concelleiro voceiro do PSG-PSOE. Contesta o Sr. Veiga sinalando que fai uns meses estivo un psicólogo, realizando os informes correspondentes e contactou cos grupos e asociacións, polo que maior participación non puido darse; o Sr. Abraira replica dicindo que minte, xa que a nós non nos dixeron nada.

O Pleno do Concello acorda por unanimidade aprobar o I PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES DE 2004-2008.

5.- ORZAMENTO MUNICIPAL EJERCICIO 2005.- Dada conta do expediente tramitado para a aprobación, se é o caso, do Orzamento desta entidade, formado para o exercicio 2005.

Considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 146, 147, 149 e concordantes da Lei 39/1988 do 28 de decembro e Real decreto 500/1990, do 20 de abril. Vistos o informe emitido pola Intervención e o dictame da Comisión de Facenda favorable, a interventora municipal dá lectura ao resumo por capítulos do Orzamento municipal para o exercicio 2005, así como os documentos que o integran e que foron entregados a todos os grupos políticos municipais.

Sometido a votación este asunto despois do debate correspondente, dá o seguinte resultado: votan a favor os nove membros presentes dos grupos CIM e PP; en contra os concelleiros do PSG-PSOE Sr. Cortizas Rodríguez e o do BNG Sr. Abreira Sobrado, que suman dous votos e abstense o concelleiro Sr. Laya Carril, polo que por maioría absoluta se acorda:

1º.- Aprobar inicamente o Orzamento desta entidade para o exercicio 2005, cuxa contía quedou fixada, tanto en GASTOS como en INGRESOS, nun total de CATRO MILLÓNS NOVECENTOS SESENTA E UN MIL NOVECENTOS (4.961.900,00) euros, e asígnase a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

<u>ESTADO DE GASTOS</u>		
Capítulos	A) OPERACIÓNS CORRENTES	Importe
1.- Gastos de persoal		1.436.400,00 €
2.- Gastos de bens correntes e servizos		1.814.950,00 €
3.- Gastos financeiros		24.000,00 €
4.- Transferencias correntes		214.600,00 €
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6.- Investimentos reais		1.316.350,00 €
7.- Transferencias de capital		88.600,00 €
8.- Activos financeiros		12.000,00 €
9.- Pasivos financeiros		<u>55.000,00 €</u>

SUMA TOTAL DE GASTOS 4.961.900,00 €

<u>ESTADO DE INGRESOS</u>		
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
2.- Impostos directos		826.500,00 €
2.- Impostos indirectos		1.750.200,00 €
3.- Taxas e outros ingresos		672.500,00 €
4.- Transferencias correntes		1.120.590,00 €
5.- Ingresos patrimoniais		221.010,00 €
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
7.- Transferencias de capital		359.100,00 €
8.- Activos financeiros		<u>12.000,00 €</u>
SUMA TOTAL DE INGRESOS:		4.961.900,00 €

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución do dito orzamento.

3º.- Aprobar os cadros de todos os postos de traballo, debidamente clasificados, reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, creando unha praza do grupo B, técnico de xestión económica, financeira e contable, unha do grupo C, administrativo xefe da unidade de servizos internos, como funcionarios e unha praza de persoal eventual, coordinador da Policía local, Grumir e Protección civil.

4º.- Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles a efectos de reclamación, conforme ao preceptuado no art. 150.1 da citada Lei 39/1988.

5º.- No suposto de que non presentarse reclamacións contra este, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios deste Concello, xuntamente co cadro de persoal e relación de postos de traballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril e 150.3 da Lei 39/88, e noutro caso, procederáse de acordo co previsto no núm. 1 deste último artigo.

6.- Que de conformidade co núm. 4 do mesmo artigo, remítase copia do referido orzamento á Administración do Estado e á Comunidade autónoma.

- O voceiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas Rodríguez dá lectura ao seguinte escrito: "Sr. Presidente, como portavoz do Grupo Municipal Socialista, antes de entrar a detallar, sobre os orzamentos que o grupo de goberno nos presenta para o exercicio económico 2005, quero expresar a nosa postura sobre os mesmos.

O Grupo Socialista considera que este documento mantén a mesma liña que os do exercicio 2004, xa que no apartado de persoal eventual segue figurando o **Gabinete da Alcaldía**, que como xa reiteramos, dende o Grupo Socialista, é un departamento ineficaz, inoperante e polo tanto innecesario, xa que o custo do mantemento do mesmo non ten xustificación, máis aínda cando no presente documento aparecen reflectidas dúas adicacións exclusivas, que si contarían co apoio do Partido Socialista, como se manifestou en reiteradas ocasións, sempre e cando desaparecese o Gabinete da Alcaldía.

E chámanos aínda máis a atención que aumente o persoal de dito gabinete cunha persoa máis, que percibirá 25.200,00 €, aínda que neste exercicio soamente se consignan 18.000,00 €, xa que a súa incorporación está prevista para o mes de abril e o seu labor será o de coordinar tres servizos (policía local, grumir, e protección civil) cando estes poderían ser coordinados por algunha das persoas que xa están incluídas na plantilla.

Polo que a asignación para o Gabinete a Alcaldía elévase á cantidade de 68.054,28 €, que poderían destinarse a obr as ou a reducir o endebedamento do Concello.

Gústanos ver que se tiveron en conta algunhas da propostas, en materia de infraestruturas e servizos sociais, que o Grupo Socialista presentou para a elaboración dos devanditos orzamentos, como son entre outras:

- * A recuperación do entorno etnográfico do Muíño de Bento.
- * Ampliación de varias pontes.
- * Aumento de consignación para becas de libros.
- * Incremento para axudas ó transporte.

Tendo tamén claro que moitas outras quedaron no tinteiro e que esperamos se leven adiante noutros exercicios.

Sen embargo isto non é suficiente de abondo para considerar estes orzamentos satisfactorios."

- O Sr. Cortizas Rodríguez formula as seguintes preguntas:

Partida	Concepto	Consignación	Pregunta, aclaración, rogo...
111/226.02 Órganos de Goberno	Publicidade e propaganda	80.000 €	Parécenos unha cantidade excesiva para a publicidade do Plan Director que vostede quere poñer en marcha, cando existen outras necesidades e carencias de tipo infraestructural e social
313/227.06 Acción Social	Estudios e traballos técnicos. Traballos doutras empresas	10.000 €	Gustaríanos que se especificase con máis detalle esta partida
313/481.00 Acción Social	Premios e becas de investigación	18.000 €	Que xustifica un incremento de 10.000 € nesta partida.
313/481.01 Acción Social	Axudas ó estudio- transporte	2.000 €	¿Eiquí entra a proposta do Partido Socialista sobre a axuda ó transporte dos estudantes de bacharelato?

313/481.02 Acción Social	Outras axudas	2.000 €	¿Esto supón o incremento solicitado polo Partido Socialista para as becas de adquisición de libros de texto?
422/227.00 Ensinanza	Traballos doutras empresas Limpeza e aseo	52.000 €	¿Gustaríanos saber que empresa vai prestar estes servicios, e onde?
432/227.00 Urbanismo e Arquitectura	Traballos doutras empresas Limpeza e aseo	12.500 €	¿Gustaríanos saber que limpeza inclúe esta partida e que empresa se vai facer cargo?
432/227.06 Urbanismo e Arquitectura	Estudios traballos técnicos	200.000 €	Parécenos unha cantidade excesiva para a elaboración do Plan Director que vostede quere poñer en marcha, cando reitero que existen outras carencias de tipo infraestructural e social, aparte do nivel de endebedamento ó que se leva o Concello, estimada segundo o proxecto de orzamentos en 680.634,00 €.
442/227.00 Recollida e tratamento de lixos	Traballos doutras empresas Limpieza e aseo	440.000 €	¿Gustaríanos que se nos desglosase esta cantidade e as empresas que van percibilas?
451/226.06 Promoción da cultura	Reunións e conferencias	26.400 €	¿Que tipo de reunións e conferencias, se van celebrar, para adicar esta cantidade?
451/226.07 Promoción da cultura	Festexos populares.	100.000 € Total Festas 150.800,00 €	Vostede fala da celebración de novas festas de tipo gastronómico, e actuacións nas parroquias, cando en outras partidas como son a 451/489.02 adícanse 40.00,00 € a comisión de festas patronais e na partida 451/489.00 adícanse 10.800,00 € ás festas parroquiais. Non nos opoñemos á celebración de ningún tipo de festa que atraia persoas ó noso municipio, pero despois de adicar esta cantidade, só pedimos que non sexan un fiasco, como o Festival das Mariñas e a Festa da Cebola do ano 2004.
451/227.00 Promoción da cultura	Traballos doutras empresas Limpieza e aseo	41.000€	¿Que se vai limpar? Cando ademais na partida 451/227.09. Outros traballos figuran 13.300,00 €
451/489.03 Promoción da cultura	Actos culturais concorrenca	15.000 €	¿Que concorrencia de actos culturais teñen este custo?
452/226.06 Educación física	Gastos diversos. Reunións e	11.300 €	¿Que tipo de reunións e conferencias se van programar?

deportes	conferencias		
533/227 Mellora do medio natural	Traballos doutras empresas	33.600 €	¿Que tipo de traballos se van realizar?

Dentro da partida de estradas e camiños 511/601.01 Infraestructura 9 cunha asignación de 40.000,00 euros, a que apartado capítulo 6 da memoria explicativa se corresponde porque non figura na relación de obras, como o mesmo ocorre coa partida 511/611.01 Infraestructura 1, cunha asignación de 20.000,00 euros, pregaría se me indicase cal delas se destina a afirmado de camiños e cal a investimentos en alumeados públicos.”

Contesta a concelleira de Facenda Sra. Vilariño González e fai unha comparación de gastos nos últimos exercicios, sinalando que en persoal as porcentaxes baixaron.

- O concelleiro do BNG Sr. Abreira manifesta que o seu voto é negativo, non vou discutir as cifras, pois no exercicio 2005, temos máis de millón e medio de euros, soamente das construcións de FADESA e continúa, vanme permitir que lles conte unha anécdota, cando eu era pequeno a un señor de Lugo que se chamaba Legazpí, tocáronlle nas quinielas uns trescentos millóns de ptas., cambiou a súa maneira de vida e ao cabo de poucos meses comezou a ter problemas e non moito despois arruinou; dáme a sensación que en vez de ter un alcalde que se chama Maceiras, temos un Legazpí. Non se cumpriron os investimentos consignados no orzamento de 2004 e dificilmente podemos crer que agora se cumpran, os do PP hai un ano tratábanos de *treceñlla domado* e publicaban que era un escándalo os gastos de dedicación exclusiva, agora en 2005 prodúcese unha integración co grupo de goberno e imos ter seis dedicacións exclusivas, non sabemos cara a onde imos, non nos din se imos apoiar a agricultura, a hostalería, o turismo, nin que clase de municipio queremos; non me poden dicir que baixou a porcentaxe de gastos de persoal, xa que este ano é como se nos tocasse a lotería polos ingresos excepcionais, e non podemos aceptar o incremento dos gastos de dedicacións exclusivas, cando polo menos unha delas correspóndenos á oposición, se das cinco dedicacións exclusivas, corresponderíanlle ao equipo de goberno un 70%, á oposición corresponderíanlle unha e media; parécenos excesivo que se gasten todos estes cartos; as consignacións para festas, este ano soben moito máis, e para o PP o ano anterior isto era un escándalo, e agora veno normal. Estamos de acordo en que debe pagarse aos xestores municipais, o primeiro ao alcalde, pero non a outras persoas.

O voceiro do PP. Sr. Veiga Sabín contesta dicindo que eticamente non está avalado para falar de dedicacións exclusivas, Vde. tivo tempo para negarse a isto anteriormente e a miña dedicación, téñoa avalada co meu traballo, pregunte onde goberna o BNG ¿cantas teñen en Pontedeume ou en Betanzos? As melloras para o municipio son importantes e non nos caen do ceo, fala das festas e xa lle explicarei o que imos gastar nas festas de San Pedro.

- A concelleira Sra. Vilariño González dá lectura ao seguinte: "Xustificación dedicacións exclusivas dos coordinadores de área municipais durante o ano 2005

1. A Administración do Concello require para o ano 2005 novos instrumentos de xestión que non foron precisos en anos anteriores. O novo equipo de goberno saído das últimas eleccións municipais planificou o **reto inicial de racionalizar a administración municipal**, e durante as dúas primeiras lexislaturas traballou coa prioridade que a prestación dos servizos aos cidadáns fora máis áxil e eficaz. Os recursos a xestionar eran crecentes pero escasos, e o obxectivo era rendabilizar ao máximo o orzamento dispoñible.

2. Pero ademais, este equipo de goberno realizou a reflexión suficiente como para elaborar un **Plan Director** que oriente os investimentos publicos e privados dentro do

Concello. Primeiro individualmente, e agora, dentro do Plan Director, os proxectos e ideas sobre cales deben ser as **liñas estratéxicas e as actuacións de desenvolvemento do Concello para os próximos anos** foron todas elas moi ben acollidas tanto pola Administración autonómica como pola estatal. De igual modo os promotores privados tamén iniciaron os estudos para participar en ditos proxectos.

Este comentario non é unha declaración de intencións, o orzamento que hoxe debatemos reflicte fielmente como o investimento público e privado está a facerse realidade no noso municipio. Neste contexto aparece como necesario establecer dentro do Concello **interlocutores permanentes** e con capacidade de xestión que poidan liderar e coordinar as actuacións de todas as partes interesadas. O traballo destes dous anos convenceu a terceiros da conveniencia de investir en Miño, agora debemos asegurarnos que estes investimentos se realizan de acordo coas estratexias deseñadas, e debemos garantir que todas elas acheguen un mellor servizo para os cidadáns de Miño.

3. O cadro de persoal de técnicos municipais é extremadamente limitado, e ademais debe centrarse no control e na supervisión das características técnicas de todos estes proxectos. É esta a razón que nos levou a dispoñer de dúas dedicacións exclusivas para os dous Coordinadores de Área. Estes dous coordinadores serán entón os responsables dos cometidos antes expostos:

- Garantir a coherencia de todos os proxectos que se desenvolvan no municipio.
- Garantir que prevaleza a orientación de servizo ao cidadán en todas estas actuacións.”

Replica o concelleiro do BNG Sr. Abraira sinalando que resulta difícil facer debate co P.P. e Vde xa que están no mesmo lugar como sempre sostiñamos, estes orzamentos son os de mediados da lexislatura e non hai medidas para solventar as promesas da campaña electoral; non hai nada sobre a área comercial que tanto se aireou, sobre o polígono industrial, estamos a media lexislatura e non se adoptou ningunha medida para cumprir as promesas que fixeron na campaña electoral e se está a traizoar os veciños de Miño aos que se prometeu que non habería dedicacións exclusivas e hoxe apróbanse seis dedicacións, se contamos o persoal eventual, os concelleiros e o alcalde, o equipo de goberno está incumprindo as súas promesas electorais, sen conseguir ningún dos obxectivos, pois nin sabemos polo que apostamos e se están traizoando moitos electores e incumprindo as promesas que tan alegremente facían, non soamente nos folletos, nin o que se dixo nos mitins das parroquias e que a mediados da lexislatura non se fixeron.

O Sr. Veiga replica indicando que neste pouco tempo o goberno mellorou, Vde. estivo gobernando anteriormente e non fixo nada, contesta o Sr. Abraira que o BNG non saíu no BOP e Vde. si como primeiro tenente de alcalde.

A Presidencia manifesta que non lle pode quitar a súa brillantez expositiva, pero demagóxica, os gastos de persoal baixan neste orzamento, onde gobernan Vdes. como por exemplo Betanzos, ten cinco dedicacións exclusivas, o pouco tempo que gobernarán en Sada había catro do BNG e dous do PSOE; as dedicacións exclusivas que acordamos, non é unha cantidade importante en canto ao importe global do orzamento, Vde. sabe que a Deputación que Vdes. gobernan co PSOE non nos botou unha man, a maior parte das obras teñen que vir por unha circunstancia importante para Miño, a construción dun campo de golf, e por iso a Xunta ofertará un porto deportivo, para o cal houbo que realizar un grande esforzo negociador, tamén sairá o Plan Director, estamos a negociar a saída da autoestrada e o vial de conexión por Bañobre a Perbes será pronto unha realidade, cando Vde. sabe que Deputación nolo negou, o aparcamento da Galea é xa practicamente unha realidade e todo isto xustifica calquera cambio político, polo que se eu estou no PP é para que Miño sexa beneficiado con investimentos. O Sr. Abraira replica que o BNG e PSOE acceden á Deputación despois, e en 2004 non había consignación orzamentaria, tería que orzamentarse en 2005, pero Vde deu o salto ao PP. A Alcaldía sinala que non faga

demagogia, replicando o Sr. Abreira que este ano a Deputación inviste na provincia da Coruña máis que a Xunta, pero Vde. tirouse de cabeza ao P.P. ou sempre estivo.

Sometido a votación deu o resultado sinalado anteriormente.

6.- ASISTENCIAS AOS ÓRGANOS COLEXIADOS E INDEMNIZACIÓNS.-

Dáse lectura á proposta da Alcaldía, informada favorablemente pola comisión correspondente, relativa á “CONTÍA A PERCIBIR POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN POR ASISTENCIA AOS ÓRGANOS COLEXIADOS E INDEMNIZACIÓNS.- Dáse lectura á proposta da Alcaldía relativa á contía a percibir polos membros da Corporación en concepto de asistencias a órganos colexiados e indemnizacións que é a seguinte:

O concepto de asistencias 75,13 euros por cada concelleiro e 450,75 euros para o alcalde. Exclúense os concelleiros que perciban retribucións por dedicación exclusiva.

As indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no desempeño dos seus cargos, logo da xustificación documental, será de 150,25 euros se se pernocta e 72,12 euros nos demais supostos.

Se a comisión de servizo se realiza en vehículo propio, serán indemnizados a razón de 0,17 e km.”

O Pleno do Concello acorda por unanimidade a súa probación.

O concelleiro do BNG Sr. Abreira Sobrado sinalou que non quere facer demagogia e posto que as contías son as mesmas de anos anteriores, votaba a favor.

7.- CADRO DE PERSOAL.- Dada lectura á proposta da Alcaldía, informada favorablemente pola comisión correspondente, sobre o cadro de persoal para o exercicio 2005 que se expresa na relación unida á proposta e ampliación da mesma creando unha praza de técnico de xestión económica, financeira e contable, outra de administrativo xefe da unidade dos servizos internos como persoal funcionario e unha de coordinador da Policía Local, Grumir e Protección Civil como persoal eventual.

- O concelleiro do BNG Sr. Abreira indica que son favorables á creación da praza de técnico e do administrativo como persoal funcionario, pero di, estamos en contra de crear unha praza de coordinador da Policía, Grumir e Protección Civil como persoal eventual e como a proposta tecnicamente non se pode votar por partes, farémolo en contra.

- O concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas expresa que polos mesmo motivos e razóns votará en contra.

Executada votación ordinaria, fano a favor os nove membros da CIM e PP presentes na sesión, votan en contra os concelleiros do PSG-PSOE e BNG que suman dous votos e abstense o concelleiro Sr. Laya Carril, polo que por maioría absoluta queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

8.- DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS PARA MEMBROS DA CORPORACIÓN.- Dáse lectura á seguinte proposta da Alcaldía, que foi informada favorablemente pola comisión correspondente sobre **DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS PARA MEMBROS DA CORPORACIÓN.-** Dáse lectura á proposta da Alcaldía sobre dedicacións exclusivas a membros da Corporación para o exercicio de 2005 que son as seguintes:

Dedicación exclusiva para o concelleiro coordinador da área de servizos internos, cunha retribución de 21.434,28 euros brutos anuais, distribuídos en catorce pagas iguais.

Dedicación exclusiva para o concelleiro coordinador da área de atención ao cidadán, cunha retribución de 21.434,28 euros brutos anuais, distribuídos en catorce pagas iguais.

Sometida a votación, fano a favor os nove membros presentes na sesión da CIM e PP e votan en contra tres concelleiros, os Sres. Cortizas Rodríguez do PSG-

PSOE, Abraira Sobrado do BNG e Laya Carril da CIM, polo que por maioría absoluta queda aprobada nos seus propios termos.

9.- MODIFICACIÓN DO COMPLEMENTO DE DESTINO.- Dada lectura á proposta da Alcaldía, informada favorablemente pola comisión correspondente, sobre elevar o complemento de destino dos postos de traballo de Secretaría e Intervención, do nivel 25 ao nivel 28, polo maior traballo, dedicación e responsabilidade esixidas a estes postos de traballo.

O Pleno do concello por unanimidade acorda a súa aprobación.

10.- CREACIÓN DUNHA NOVA PRAZA DE PERSOAL EVENTUAL.- Dáse lectura á proposta da Alcaldía que foi informada favorablemente pola comisión correspondente “sobre creación dunha praza máis de persoal eventual, como coordinador de Protección Civil, Grumir e Policía Local, cunha retribución de 25.200,00 euros brutos anuais, distribuídos en catorce pagas iguais”.

Sometida a votación a proposta, fano a favor os nove membros da Corporación presentes na sesión da CIM e PP, en contra os concelleiros Sres. Abraira Sobrado do BNG e Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE que suman dous votos e abstense o concelleiro Sr. Laya Carril, polo que queda aprobada por maioría absoluta nos termos propostos.

Non habendo máis asuntos na orde do día, a Presidencia levanta a sesión ás vinte e unha horas e dez minutos, redactándose a presente acta, do que eu, o secretario titular, dou fe.

O presidente,

O secretario,